



REGULAMENTO ELECTORAL

**Para a elección de membros da
Asemblea Xeral, Presidente e Comisión
Delegada da Federación Galega de
Piragüismo**

Pontevedra, 2 de abril de 2014



Artigo 1. Obxecto da normativa

En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno: Asamblea xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Piragüismo, con representatividade durante o período 2014 a 2018.

Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Galega de Piragüismo procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: luns a venres de 09,00 h. a 14,00 h. En todo caso será válida a presentación de escritos mediante telefax dirixido ó número 986851108 que funcionará os días hábiles a efectos administrativos.

Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algúna entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Solicitase á Asemblea Xeral da Federación, no caso que houbera que subsanar algúna deficiencia no mesmo regulamento electoral, que delegue e autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

O regulamento electoral publicarase na páxina web da Federación e na da Administración deportiva autonómica.

Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral (ANEXO III) incluirá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Entidades deportivas e deportistas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Incluiranse os seguintes datos:





- a) Para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o da entidade ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estos efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
 - b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos das entidades deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación, así como na páxina web www.fegapi.org.
 3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algúnhha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
 5. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.
 6. Có fin de facilitar a participación e a integración na actividade deportiva da Federación, os candidatos proclamados a membros da asamblea xeral poderán dispoñer do respectivo censo das persoas que componen cada estamento e, cos datos de carácter persoal contidos na licenza federativa. No caso dos candidatos proclamados á presidencia, poderán dispoñer do censo de persoas que conforman a asamblea xeral; cos mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa. O censo sómentes poderá ser utilizado ós efectos do correspondente proceso electoral.

Artigo 5. Xunta electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.



2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberan presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación
- e) Non estar cumplindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conlleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporá á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.

4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaránse por maioria de votos. A asistencia á xunta electoral é obligatoria salvo causa xustificada.

5. Funcións da xunta electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

6. Os membros da Xunta Electoral terán dereito a percibir compensación económica pola súa labor, correspondendo á Federación aboarlles dietas por asistencia a xuntanzas así como gastos de desprazamentos debidamente xustificados, segundo os mínimos establecidos legalmente.

7. A Xunta Electoral poderá adoptar as súas decisión mediante xuntanzas presenciais ou empregando medios técnicos que permitan a comunicación e adopción de acordos de xeito que quede constancia da emisión das opinións de cada un dos seus componentes.

8. Para o cumprimento da súa función disporá dos medios humáns e materiais da propia Federación.





Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.

1. Haberá unha única circunscripción electoral para todos os estamentos, con unha única mesa electoral con tantas urnas como estamentos para a elección dos membros da asemblea no día fixado. O horario de apertura da mesa será o seguinte: de 10,00 a 17,00 h. Ubicaranse no enderezo social da Federación.

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obligatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral. O sorteo para a constitución da mesa electoral levarase a cabo o día 26 de maio de 2014 na sede da federación ás 19,30 h.

Asímesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establecécese como mesa para a recepción deste voto a única.

3. Son competencias da mesa electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Proceder á contaxe de votos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquer outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

4. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fegapi.org

5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

6. Os membros da Xunta Electoral terán dereito a percibir compensación económica pola súa labor, correspondendo á Federación aboarlles dietas por asistencia a xuntanzas así como gastos de desprazamentos debidamente xustificados, segundo os mínimos establecidos legalmente.

Artigo 7. Convocatoria de eleccións



1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación o día 3 de maio de 2014, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web www.fegapi.org. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:
 - a) Regulamento electoral.
 - b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
 - c) Lugar de consulta dos censos electorais.
 - d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
 - e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.
4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes da desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

Artigo 8. Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:

- a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuices) os que reúnan os seguintes requisitos:
 - Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
 - Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
 - Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.
- b) No caso do estamento de entidades deportivas: aquelas entidades, que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estos efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións ou actividades entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquél, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non serán elixibles aquelas entidades que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral.

3. Os membros da federación que pertenzan a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, serán que a condición de deportista ten preferencia sobre a de técnico e ésta sobre ar� xuiz/árbitro. Non incorre en duplicidade de voto quen, ostentando a representación dunha entidade, exerza o seu dereito de voto a título individual e ademáis sexa portador do voto da sua entidade.





Artigo 9. Composición da Asemblea xeral

1. O número de membros da asemblea xeral será o que resulte de aplicar o artigo 10 da Orde da Consellería de Presidencia de 8 de setembro unha vez se coñeza a composición do censo electoral, fixándose con carácter provisional en 50. En caso de que o censo definitivo obrigue a corrixir este dato, será competente para elo a Xunta Electoral. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral. En caso de presentar candidatura á presidencia e resultar novamente elixido o número de membros da asemblea incrementarase a 51.
2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de entidades deportivas, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.
3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.
4. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.
5. A representación das entidades deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante certificación da inscrición do Rexistrio de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.
6. Non cabe representación das persoas físicas.
7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
8. A Federación axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral

1. A porcentaxe de cada estamento é:
 - a) Representantes de entidades deportivas: 60 %
 - b) Representantes de deportistas: 25 %
 - c) Representantes de adestradores: 10 %
 - d) Representantes de xuíces: 5 %
2. A representación mínima do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación deberá ser **do 50% do censo definitivo de entidades deportivas**, incluíndo os membros natos.



En calquera caso todas as entidades deportivas deberán necesariamente cumplir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 desta regulamento.

3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral. No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de entidades deportivas

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establecécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte: maior número de licenzas e maior número de participacións en competicións ou actividades, en ambos casos referidas á tempada 2013. Con aplicación de dito baremo, a convocatoria de eleccións precisará cales son as entidades deportivas que teñen a condición de membros natos. Consonte ós datos provisionais, a condición de membros natos corresponde a: Club Fluvial de Lugo, Club Breogán de O Grove, Club Mar Ría de Aldán, Club As Torres Romería Vikinga de Catoira, Club Cidade de Lugo, Real Club Náutico Rodeira e Club Naútico Pontecesures.

Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establecécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.
2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndo-a pública na páxina web www.fegapi.org Haberá un prazo de 2 días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.
3. Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario de 10,00 a 17,00 h. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.
2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Registro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.





3. Os candidatos que non resulten elixidos en cada estamento terán a condición de suplentes por orden de votos recibidos.

4. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución polo suplente que ocupe o seguinte posto por número de votos recibidos.

Artigo 14. Voto por correo

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.

3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urgente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web www.fegapi.org

4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urgente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

Anverso:

Secretaría xeral para o deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Piragüismo



Reverso:

Nome e apelidos do remitente
Estamento de XXX

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrenza de ambos.

Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente

1. No prazo de tres días hábiles dende a proclamación definitiva de membros da Asamblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite, que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme e que teña a condición política de galego segundo establece o artigo 3.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia: "A efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os ciudadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia".

A persoa titular da presidencia será elixida mediante sufraxio libre, igual e secreto polos componentes da asamblea xeral, sen que teña que ser membro desta, e non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa. Non se poderá simultanear a presidencia dunha entidade deportiva coa presidencia da Federación. A persoa que resulte elixida como presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación galega correspondente.

Se algúm membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

O presidente saínte da federación será membro da nova asamblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultar elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, mediante escrito dirixido á xunta electoral, acompañando certificado orixinal de empadroamento nun concello de Galicia. Se a presentación fose presencial, a Xunta Electoral emitirá un xustificante ou copia selada, se fose por outro medio o candidato deberá asegurarse da recepción do escrito.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web www.fegapi.org. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo de 2 días hábiles.





A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.

Artigo 16. Elección do presidente

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.
2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación das entidades deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dunha entidade.
3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos. iniciando, de seguido, o proceso de votación.
4. Os candidatos exporán os seus programas dispoñendo para elo de 10 minutos cada un e se non houbese acordo en canto á orde das intervencións se decidirá por sorteo, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.
5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
 - a. Na primeira votación son elegibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contem cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
 - b. Na segunda votación soamente serán elegibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
 - c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous más votados, resultando elixido o que obteña maioría de votos. Esta terceira votación terá lugar na mesma xuntanza da asemblea a continuación da segunda.



7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantarán a oportuna acta.
8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido aquel que acredite máis antigüidade na Federación e se ainda así houbera empate se sorteará.
9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.
11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato más votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.
12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados desde a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.
13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, desde o seu nomeamento.

Artigo 17. Elección de membros da comisión delegada

A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será oito, ademáis do Presidente, distribuídos por estamentos, da seguinte forma:

Catro, correspondentes as entidades deportivas, elixidos por e entre eles.

Dous, polos Deportistas, elixidos por e entre eles.

Un, polos Técnicos/Adestradores, elixidos por e entre eles.

Un, polos Xuíces-Árbitros, elixidos por e entre eles.

O procedemento para a súa elección será o seguinte. Poderán ser candidatos a membro da Comisión Delegada os membros da Asemblea, debendo dirixir un escrito á Xunta Electoral, facendo constar a condición de membro da Asemblea Xeral e manifestando expresamente a vontade de se presentar como candidato a membro da Comisión Delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de tres días hábiles desde a proclamación definitiva do resultado da votación de membros da Asemblea Xeral.





Se no prazo previsto para presentar candidaturas se presentase un número inferior ós postos a elixir, ditos candidatos quedarán automáticamente elixidos sen votación, e poderán presentarse no acto da Asemblea outros candidatos que serán sometidos a votación. No caso de empate procederese a unha segunda volta entre os candidatos empatados e se persistise o empate, resloverase por sorteo.

Artigo 18. Recurso ante a Xunta electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.



Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

Está lexitimado para interpoñer recurso electoral quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

2. O prazo para a interposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se for o caso, desde o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e endereço social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b) Se é ocaso, o nome, DNI e endereço do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Lexitimación para interpoñer o recurso
- d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrecen en relación con aquellas.
- f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- g) Lugar, data e sinatura.

Artigo 20. Convocatoria da Asemblea Electoral.

Coa publicación do presente Regulamento e da Convocatoria Electoral enténdese feita a convocatoria da Asemblea Xeral a celebrar o día 19 de xullo de 2014 en Pontevedra, nas instalacións da pista do encoro de Verducido, ás 09,00 h. en primeira convocatoria e ás 09,30 h. en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Constitución da Asemblea
2. Constitución da mesa
3. Elección do Presidente da Federación
4. Elección da Comisión Delegada





Para a válida constitución da Asemblea bastará que concurran a mitade máis un dos seus membros en primeira convocatoria. Na segunda convocatoria quedará válidamente constituida calquera que sexa o número de asistentes.





ELECCIONS 2014-2018

MODELO PAPELTA -COLOR BLANCO TAMAÑO DIN A4

XUNTA ELECTORAL F.G.P.

VOTO PARA REPRESENTANTES NO ESTAMENTO DE **ENTIDADES DEPORTIVAS** NA ASAMBLEA DA FEDERACIÓN GALEGA PIRAGUISMO, OS SEGUINTES CANDIDATOS:

MARCAR CUNHA X COMO MÁXIMO ____ CANDIDATOS





ELECCIONS 2014-2018

**MODELO PAPELERA –COLOR BLANCO
TAMAÑO DIN A4**

XUNTA ELECTORAL F.G.P.

VOTO PARA REPRESENTANTES NO ESTAMENTO DE **ARBITROS** NA ASAMBLEA DA FEDERACIÓN GALEGA PIRAGUISMO, OS SEGUINTES CANDIDATOS:

MARCAR CUNHA X COMO MÁXIMO _____ CANDIDATOS



FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜÍSMO
Centro Deportivo "Pontillón do Castro"- Rua Gavian, s/nº
36151 Verducido-Pontevedra / Tf. 986842106 fax: 986851108
e-mail: kayak-canoea@fegapi.org



ELECCIONS 2014-2018

**MODELO PAPELTA –COLOR BLANCO
TAMAÑO DIN A4**

XUNTA ELECTORAL F.G.P.

VOTO PARA REPRESENTANTES NO ESTAMENTO DE **ADESTRADORES** NA ASAMBLEA DA FEDERACIÓN GALEGA PIRAGUISMO, OS SEGUINTES CANDIDATOS:

MARCAR CUNHA COMO MÁXIMO CANDIDATOS





ELECCIONES 2014-2018

**MODELO PAPELTA –COLOR BLANCO
TAMAÑO DIN A4**

XUNTA ELECTORAL F.G.P.

VOTO PARA REPRESENTANTES NO ESTAMENTO DE **DEPORTISTAS** NA ASAMBLEA DA FEDERACIÓN GALEGA PIRAGUISMO, OS SEGUINTES CANDIDATOS:

MARCAR CUNHA X COMO MÁXIMO CANDIDATOS






ELECCIONS 2014-2018

MODELO SOBRE –COLOR BLANCO
TAMAÑO 14 X 9 cm

XUNTA ELECTORAL F.G.P.



O MODELO DE SOBRE PARA AS VOTACIONS, DE TODOS OS ESTAMENTOS, SERÁ DE COR BRANCO E LEVARÁ IMPRESO:

ELECCIONS FGP 2014-2018





Anexo I. Calendario electoral

12/04:

Asemblea xeral para a aprobación do regulamento electoral
Remisión do Regulamento á SXD. (Fin de prazo de entrega a SXD: 14/04).

26/04:

Remata o prazo para que a SXD resolva sobre o Regulamento.

28/04:

Comunicación da convocatoria á SXD e entidades deportivas.

03/05:

Convocatoria Electoral. Queda exposta no taboleiro de anuncios da Federación e na páxina web da mesma.

Indícase o número de componentes da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, a distribución por estamentos e o número de membros a elixir en cada circunscripción.
A Xunta Directiva se constitúe en Comisión Xestora.

Queda constituída a Xunta Electoral, con indicación do seu enderezo, ó cal se dirixirá toda a correspondencia electoral.

Exposición do censo provisional.

Inicio do prazo de dez días para reclamar contra o censo (ata o 15/05).

Inicio prazo para optar os que pertenzan a varios estamentos (ata o 15/05).

Inicio do prazo para solicitar o voto por correo (ata o 24/05).

15/05:

Remata o prazo para reclamar contra o censo provisional.

Remata o prazo para optar por un estamento cando se pertence a máis dun.

22/05:

Resolución de reclamacións ó censo provisional.

Publicación do censo definitivo.

A Xunta Electoral concreta definitivamente o número de componentes da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada e a súa distribución por estamentos e circunscripciones.

Inicio do prazo de presentación de candidaturas á asemblea xeral (ata o 26/05).

24/05:

Remata o prazo para solicítalo voto por correo

26/05:

Remata o prazo para presentar candidaturas á asemblea xeral.

Publicación da lista provisional de candidatos á Asemblea Xeral.

Inicio do prazo para reclamar contra a lista provisional de candidatos (ata o 28/05).

Realización do sorteo por parte da Xunta Electoral para a designación das mesas electorais para a elección de membros da asemblea xeral.





28/05:

Remata o prazo para reclamar contra a lista de candidatos á Asemblea Xeral.

30/05:

Resolución de reclamacións contra a lista de candidatos á Asemblea Xeral e publicación da lista definitiva.

A Xunta Electoral remite á SXD a relación de electores habilitados para votar por correo e a publica na web.

02/06:

Remata o prazo para que a Xunta Electoral envíe ós solicitantes de voto por correo a certificación que ó autoriza, o sobre e a papeleta.

10/06:

Remata o prazo para depositar nas oficinas de correos o voto por correo.

19/06:

Remata o prazo para comunicar á Xunta Electoral o nomeamento de interventores.

22/06:

Constitución das mesas electorais. Votación para a elección de membros da Asemblea Xeral en tódalas circunscripcións. Remisión de actas á xunta electoral.
Publicación de resultados provisionáis.

Início do prazo para reclamar contra os resultados provisionáis (ata o 25/06).

24/06:

Remata o prazo para reclamar contra os resultados provisionáis.

26/06:

Resolución de reclamacións contra os resultados provisionáis.
Publicación de resultados definitivos.

Remisión dos mesmos á Secretaría Xeral para o Deporte.

Comenza o prazo para presentar candidaturas á Presidencia e á Comisión Delegada (ata o 30/06).

30/06:

Remata o prazo para presentar candidaturas á Presidencia e á Comisión Delegada
Publicación das listas provisionáis de candidatos.

Início do prazo para reclamar contra a lista provisional de candidatos (ata o 03/07).



02/07:

Remata o prazo para reclamar contra as listas provisionáis de candidatos á Presidencia e á Comisión Delegada.



04/07:

Resolución das reclamacións contra as listas provisionáis de candidatos.

05/07:

Publicación das listas definitivas de candidatos

19/07:

Constitución da nova asemblea xeral, para a elección de Presidente e Comisión Delegada.

Publicación de resultados provisionáis. Inicio do prazo para reclamar contra os resultados provisionáis (ata o 22/07).

22/07:

Remata o prazo para reclamar contra os resultados provisionáis.

24/07:

Resolución das reclamacións contra os resultados provisionáis.

Publicación dos resultados definitivos.

Inicio do prazo para remisión dos resultados á Secretaría Xeral para o Deporte (ata o 06/08).

Inicio do prazo para o traspaso de documentación pola Xunta Xestora ó novo Presidente (ata o 31/07).

31/07:

Finaliza o prazo para o traspaso de documentación.

Remisión da acta de entrega á Secretaría Xeral para o Deporte.

